



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 173
17 de marzo de 2025



SUMARIO

O Pleno do Parlamento, na sesión do 11 de marzo de 2025, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

I 20968 (12/MOC-000050)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a autorización a Altri da captación e vertedura de auga no río Ulla (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 19447, publicada no BOPG núm. 156f1, do 12 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 25 de febreiro de 2025.)

[73684](#)

I 21009 (12/MOC-000051)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar

Sobre as estratexias do Goberno galego relativas ao reto demográfico e á mellora do financiamento dos concellos afectados polo despoboamento (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 17724, publicada no BOPG núm. 148f1, do 30 de xaneiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 25 de febreiro de 2025.)

[73684](#)

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

I 20038 (12/PNP-001597)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego destinadas a mellorar a situación laboral das mulleres en Galicia

[73684](#)

I 20603 (12/PNP-001655)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e dezanove deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa vulneración do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres e coa desvalorización dos cargos políticos baseándose unicamente no seu xénero

[73685](#)



Aprobación por unanimidade con modificacións

I 538 (12/PNP-000033)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis

Sobre a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co apoio ao futuro Xacobeo 2027 ao abeiro da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado

[73685](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 19277 (12/PNP-001517)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e dous deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación e regulación dunha Valedoría da Igualdade como autoridade independente de defensa cidadá contra a discriminación por razón de xénero

[73686](#)

I 20116 (12/PNP-001610)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para avanzar cara á consecución da igualdade real entre mulleres e homes e á superación da violencia machista

[73686](#)

I 20353 (12/PNP-001632)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre accións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da xestión en Galicia do Fondo de Transición Xusta

[73686](#)

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

I (12/DEC-000008)

Pleno do Parlamento

Día Mundial da Síndrome de Down

[73687](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

I Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de marzo de 2025, polo que se ordena a publicación dos resultados definitivos das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia [73688](#)

I Resolución do 14 de marzo de 2025, do presidente do Parlamento de Galicia, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para ingresar, por concurso-oposición, nunha praza do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), reservada para ser cuberta por unha persoa que acredite discapacidade intelectual [73689](#)



O Pleno do Parlamento, na sesión do 11 de marzo de 2025, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Rexeitamento da iniciativa

- 20968 (12/MOC-000050)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a autorización a Altri da captación e vertedura de auga no río Ulla (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 19447, publicada no BOPG núm. 156f1, do 12 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 25 de febreiro de 2025.)

BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 35 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 21009 (12/MOC-000051)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar

Sobre as estratexias do Goberno galego relativas ao reto demográfico e á mellora do financiamento dos concellos afectados polo despoboamento (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 17724, publicada no BOPG núm. 148f1, do 30 de xaneiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 25 de febreiro de 2025.)

BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación sen modificacións

- 20038 (12/PNP-001597)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego destinadas a mellorar a situación laboral das mulleres en Galicia

BOPG nº 159f1, do 19.02.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 47 votos a favor, ningún voto en contra e 25 abstencións.



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un plan de choque feminino destinado a:

1. Diminuír a fenda salarial existente entre as mulleres e os homes de Galicia.
2. Deseñar medidas que contribúan a establecer un marco laboral de calidade no emprego, combatendo a desigualdade de acceso ás diferentes ocupacións.
3. Incrementar a incorporación das mulleres nas ocupacións altamente masculinizadas, rachando o teito de cristal existente e facilitando a súa inserción laboral.»

- 20603 (12/PNP-001655)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e dezanove deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta en relación coa vulneración do principio de igualdade de trato entre homes e mulleres e coa desvalorización dos cargos políticos baseándose unicamente no seu xénero

BOPG nº 162f1, do 26.02.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 39 votos a favor e 8 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia acorda como resolución:

1. Reprobar esta campaña sexista levada a cabo pola CIG, que claramente desvaloriza o traballo dun cargo político.
2. Reprobar calquera manifestación que vulnere o principio de igualdade de trato entre mulleres e homes ou na que se denigre a dignidade das mulleres.
3. Manifestar a súa vontade de que o Bloque Nacionalista Galego, a través da súa voceira, a Sra. Ana Pontón, rexeite o contido sexista destes carteis.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 538 (12/PNP-000033)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e oito deputados/as máis

Sobre a solicitude que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co apoio ao futuro Xacobeo 2027 ao abeiro da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado

BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 72 deputados e deputadas presentes



O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Solicitar ao Goberno de España a declaración do Xacobeo 2027 como acontecemento de excepcional interese ao abeiro do previsto Lei 49/2002, de réxime fiscal de entidades sen ánimo de lucro, e de incentivos ao mecenado, e con efectos desde o ano 2025.
2. Deseñar un mapa territorial por toda a xeografía galega que chegue ao máximo número de concellos e cando menos a todas as comarcas galegas.
3. Facer unha distribución equitativa e igualitaria das actuacións de maior impacto por todo o territorio.
4. Que o acceso aos distintos eventos sexa en igualdade de condicións.»

Rexeitamento da iniciativa

- 19277 (12/PNP-001517)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e dous deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da creación e regulación dunha Valedoría da Igualdade como autoridade independente de defensa cidadá contra a discriminación por razón de xénero
BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 25 votos a favor, 39 en contra e 9 abstencións.

- 20116 (12/PNP-001610)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para avanzar cara á consecución da igualdade real entre mulleres e homes e á superación da violencia machista
BOPG nº 159f1, do 19.02.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.

- 20353 (12/PNP-001632)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre accións que debe levar a cabo o Goberno galego respecto da xestión en Galicia do Fondo de Transición Xusta
BOPG nº 162f1, do 26.02.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e unha abstención.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



O Pleno do Parlamento, na sesión do 11 de marzo de 2025, adoptou os seguintes acordos:

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

Proposta polo Pleno

- (12/DEC-000008)

Pleno do Parlamento

Día Mundial da Síndrome de Down

Declaración institucional con motivo da conmemoración do día Mundial da Síndrome de Down

Perante a conmemoración do Día Mundial da Síndrome de Down, o 21 de marzo, o Parlamento de Galicia quere amosar o seu recoñecemento ás persoas con esta alteración cromosómica en Galicia, así como ao imprescindible movemento asociativo que as representa e que encabeza a Federación Down Galicia. Así mesmo, instamos as institucións públicas, as organizacións privadas e a sociedade civil a se comprometeren activamente na eliminación de prexuízos e na mellora da calidade de vida do colectivo.

A inclusión social é esencial para garantir que todas as persoas, con independencia das súas características ou capacidades, poidan acceder aos recursos e ás oportunidades necesarias para a súa plena participación na sociedade e a súa realización como individuos. Así o indica a Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade da ONU, aprobada en 2006 e ratificada por España e por este mesmo Parlamento en 2008.

A discapacidade non reside na persoa, senón nas barreiras que dificultan a súa participación. Por tanto, é deber da Administración articular medidas que derruben estas barreiras e alentaran a sociedade a facer o propio desde os seus ámbitos persoais.

Por todo isto, esta Cámara reafírmase no seu compromiso coa inclusión das persoas coa síndrome de Down, para que poidan levar a vida que elas mesmas elixan, erixíndose en cidadáns e cidadás de pleno dereito. Mais para iso é mester poñer en marcha medidas concretas, entre as que destacan:

Loitar contra as causas da exclusión social desde o punto de vista da igualdade de dereitos, aplicando decididamente o enfoque de inclusión activa non asistencialista.

1. Asegurar a cobertura das súas necesidades sociais, sanitarias e sociosanitarias, garantindo a utilización dos servizos comunitarios.
2. Garantir a inclusión educativa, gratuíta e de calidade, dotando as escolas ordinarias de todos os recursos precisos para que esta sexa unha realidade.
3. Fomentar a contratación das persoas con discapacidade, tanto no mercado laboral ordinario, a través do Emprego con Apoio, como no sector público.



4. Establecer un plan urxente de accesibilidade, que facilite o acceso á información das persoas con discapacidade intelectual a través da accesibilidade cognitiva.

5. Fomentar as axudas para a promoción da autonomía persoal e a prevención da dependencia fronte ao illamento no fogar, impulsando para tal fin os apoios personalizados e a participación nos recursos existentes para toda a poboación.

6. Dar resposta ao envellecemento prematuro e acelerado das persoas coa síndrome de Down, creando protocolos sanitarios adaptados ás súas necesidades reais e facilitando o acceso aos recursos existentes para persoas maiores.

7. Crear un censo autonómico de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, xa que os datos actuais son incompletos.

Por iso, desde esta cámara queremos ratificar a nosa aposta por unha sociedade inclusiva, garantindo os dereitos de todas as persoas e proporcionándolles os apoios necesarios para viviren como elas mesmas decidan, e instamos a sociedade a se sumar ao respecto pola diferenza e pola diversidade, porque, como di o lema das entidades Down de Galicia, «Contigo podemos máis».

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Acordo da Mesa do Parlamento, do 10 de marzo de 2025, polo que se ordena a publicación dos resultados definitivos das eleccións á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia

Logo de finalizar o proceso electoral á Xunta de Persoal da Administración do Parlamento de Galicia, coa votación e escrutinio o día 4 de marzo de 2025, de seren publicados os resultados e de transcorreren os prazos previstos no artigo 18 das Normas reguladoras das eleccións á Xunta de Persoal, corresponde publicar no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* os resultados definitivos:

CANDIDATURA	PRESENTADOS/DAS	ELIXIDOS/DAS	VOTOS OBTIDOS
Grupo de persoal funcionario	5	5	34



REPRESENTANTES ELIXIDOS/DAS:

APELIDOS	NOME	SEXO	DNI	SINDICATO/ COALICIÓN/ GRUPO DE PERSOAL FUNCIONARIO
López González	María del Mar	F	***6111**	Grupo de persoal funcionario
Orodea Piñeiro	Ainhara Maite	F	***7553**	Grupo de persoal funcionario
Pernas Rubal	Cristian	M	***8445**	Grupo de persoal funcionario
Viña Pais	Matilde	F	***9553**	Grupo de persoal funcionario
Torres Romar	José	M	***2922**	Grupo de persoal funcionario

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

Resolución do 14 de marzo de 2025, do presidente do Parlamento de Galicia, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para ingresar, por concurso-oposición, nunha praza do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), reservada para ser cuberta por unha persoa que acredite discapacidade intelectual.

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 24 de xullo de 2024 convocouse o proceso selectivo para a provisión, por concurso-oposición, dunha praza do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), reservada para ser cuberta por unha persoa que acredite discapacidade intelectual, e aprobáronse as bases que o rexen.

O 17 de febreiro de 2025 publicouse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (BOPG núm. 158) a relación provisional das persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo, outorgando ás persoas aspirantes excluídas inicialmente un prazo de dez días hábiles para poderen alegar ou emendar, de ser o caso, o defecto que motiva a exclusión ou omisión.

Transcorrido o prazo de alegacións ou emendas, ao abeiro do establecido na base 4.2 e 4.3, feitas as comprobacións oportunas, propónse a aprobación das seguintes relacións definitivas de persoas admitidas e excluídas

RESOLVO:

1º. Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas, que se detalla como anexo I, por reuniren os requisitos exixidos na convocatoria.

2º. Declarar excluídas definitivamente do proceso selectivo, polos motivos que se indican, as persoas que se relacionan no anexo II.



3º. Ordenar a publicación desta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a Presidencia do Parlamento, no prazo dun mes, ou ben poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados ambos os dous desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

ANEXO I (RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS)

NUM	APELIDOS	NOME	NIF
1.	ABELED0 VARELA	ADRIÁN	***9694**
2.	BLANCO ALVAREZ	LAURA	***9422**
3.	BLANCO RAMOS	HILDA	***7399**
4.	BREA CONDE	JOSÉ MANUEL	***0623**
5.	CASTRO VALLEDOR	GUILLERMO	***9785**
6.	CEDEIRA LORENZO	RAUL SAMUEL	***7782**
7.	COSTA RAÑA	MARÍA DEL CARMEN	***3059**
8.	DÍAZ TOUBES	VÍCTOR	***5237**
9.	FANDIÑO RESUA	AITOR	***8690**
10.	FERNÁNDEZ FREIRE	DIEGO	***1073**
11.	FERNÁNDEZ VIAÑO	ALVARO	***9243**
12.	GONZÁLEZ MARTÍNEZ	ELISABETH	***1460**
13.	HERVES GONZÁLEZ	CAROLINA	***5237**
14.	JIMENEZ LORDA	PABLO	***8975**
15.	LEDO VAZQUEZ	ELÍAS	***4761**
16.	MALINGRE GAJINO	CARLOTA	***0200**
17.	MALVIDO GREGORIO	JOSÉ MANUEL	***1705**
18.	MANZANO BARREIRO	LAURA	***3185**
19.	MARTÍN PITA	ISMAEL	***3786**
20.	MARTÍNEZ ADROVER	LAURA	***1062**
21.	OSORIO PELÁEZ	PABLO	***3817**
22.	OTERO ALVAREZ	IRIA	***9298**
23.	PARDO PENSADO	FERNANDO	***8309**
24.	PIMENTEL ROCHA	ZAIRA	***2906**
25.	QUINTELA QUINTELA	PABLO	***2882**
26.	REINALDO CID	RODRIGO	***3655**
27.	RIGUERA ARIAS	EVA	***2426**
28.	RODRÍGUEZ ZLOBINA	OLESYA	***6091**
29.	ROMERO RIVAS	SARA	***9189**
30.	SÁNCHEZ IGLESIAS	SARA	***5950**
31.	TATO OTERO	ADRIÁN	***4476**
32.	VIEITES AGRAFOJO	MARÍA DEL CARMEN	***3234**




ANEXO II (RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSA DE EXCLUSIÓN)

NÚM	APELIDOS	NOME	NIF	CAUSA
1.	ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ	MATEO	***2182**	A
2.	BERNÁRDEZ GONZALEZ	ALEX	***9795**	A
3.	FORTES IGLESIAS	XABIER	***4276**	A
4.	PEREIRA VILAS	DAMIÁN	***8963**	A
5.	SANTIRSO RECIO	MIGUEL	***1070**	A
6.	VERGARA LEGARRA	TEREXA ELIXABETE	***5082**	A

CAUSA DE EXCLUSIÓN: A) Non reunir ou non acreditar a condición legal de persoa cunha porcentaxe de discapacidade intelectual igual ou superior ao 33 por cento.





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-sQH6c75AO-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

